

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

**10065** *Real decreto 860/2018, do 13 de xullo, polo que se regulan as actividades preventivas da acción protectora da Seguridade Social que realizarán as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.*

O artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, regula as actividades preventivas da acción protectora da Seguridade Social, que define como prestacións asistenciais a favor dos empresarios asociados e dos seus traballadores dependentes, así como dos traballadores por conta propia adheridos, que non xeran dereitos subxectivos.

As actividades preventivas da Seguridade Social son, en virtude da súa natureza xurídica, e conforme o que establece o artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, prestacións que outorga a Seguridade Social orientadas ao control e, se é o caso, redución dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais da Seguridade Social. Tamén comprenderán actividades de asesoramento ás empresas asociadas e aos traballadores autónomos co obxecto de que adapten os seus postos de traballo e estruturas para a recolocación dos traballadores accidentados ou con patoloxías de orixe profesional, así como actividades de investigación, desenvolvemento e innovación que deben realizar directamente as mutuas, dirixidas á redución das continxencias profesionais da Seguridade Social.

Trátase, en consecuencia, dunha prestación da Seguridade Social dirixida aos empresarios asociados e aos traballadores por conta propia adheridos a unha mutua colaboradora coa Seguridade Social, orientada a controlar e, se é o caso, a reducir os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais da Seguridade Social. Quedan excluídas deste ámbito, dada a súa diferente natureza xurídica, as actividades reguladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e nas súas normas de desenvolvemento, así como os servizos atribuídos aos servizos de prevención, de conformidade co disposto no capítulo IV da mencionada Lei 31/1995, do 8 de novembro.

Dado o seu carácter de prestación da Seguridade Social que se financia con cargo ás cotas de continxencias profesionais, corresponde ao Estado, en virtude do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, establecer a súa regulación básica, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

Neste sentido, o mencionado artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social prevé que as comunidades autónomas con competencia de execución compartida en materia de actividades de prevención de riscos laborais, e sen prexuízo do establecido nos seus respectivos estatutos de autonomía, poidan comunicar ao órgano de tutela das mutuas as actividades que consideren que se deban desenvolver nos seus respectivos ámbitos territoriais para que se incorporen á planificación das actividades preventivas da Seguridade Social.

Por outro lado, o respecto á repartición de competencias prevista no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución supón que se establezan aquí as bases, o contido mínimo desta prestación e a súa planificación, sen prexuízo de que a súa execución de carácter anual a leve a cabo, nos termos previstos no mencionado artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o órgano de dirección e tutela das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, dependente do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, o cal, na execución anual das previsións deste real decreto, poderá determinar as actuacións que se poderán realizar na materia en función das necesidades preventivas de determinadas áreas, sectores ou empresas en que se incrementase a sinistralidade.

Neste contexto, por medio deste real decreto procédese ao desenvolvemento regulamentario do disposto no artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social no que respecta á regulación básica das actividades preventivas que, financiadas con cargo a cotas de Seguridade Social, deben desenvolver as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social no ámbito do Estado. Así, o real decreto identifica as actividades preventivas financiadas con cotas da Seguridade Social que son, polo tanto, responsabilidade do Estado, en cumprimento da previsión contida no artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que prevé a realización destas actividades integradas na acción protectora da Seguridade Social.

O elenco de actuacións que enumera o artigo 2.2 do real decreto ten por obxecto garantir o contido básico e común para unha axeitada atención nesta materia de prevención de riscos laborais con cargo a cotas de Seguridade Social dos suxeitos asegurados por unha mutua colaboradora coa Seguridade Social.

Con este real decreto dáse cumprimento á Sentenza do Tribunal Constitucional 7/2016, do 21 de xaneiro de 2016, que resolve o conflito positivo de competencia 5107-2013, formulado pola Generalitat de Cataluña respecto da Resolución do 13 de maio de 2013, da Secretaría de Estado da Seguridade Social, pola que se establece o Plan xeral de actividades preventivas da Seguridade Social que aplicarán as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social na planificación das súas actividades para o ano 2013.

Así mesmo, neste real decreto dáse cumprimento aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, no que respecta aos principios de necesidade e eficacia, este real decreto xustifícase por razóns de interese xeral, xa que o seu obxecto é o de regular unha cuestión de interese para o conxunto da sociedade, como é determinar o ámbito das actuacións preventivas financiadas con cargo a cotas da Seguridade Social que deberán realizar as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social. En efecto, trátase dunha cuestión de interese xeral xa que se regulan as actuacións que se deben realizar no ámbito da Seguridade Social destinadas a reducir a sinistralidade laboral, como problema que afecta a sociedade en xeral.

Por outro lado, o rango legal da norma, real decreto, é o adecuado para desenvolver as previsións legais contidas no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A norma é respectuosa co principio de proporcionalidade, en canto que a regulación que nela se contén é a necesaria e imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir co real decreto, a regulación das actividades preventivas que deben desenvolver as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social. Así, a norma establece o marco xurídico das actuacións preventivas no ámbito da Seguridade Social, sen que impoña nin medidas restritivas de dereitos nin obrigas aos destinatarios.

Como garantía do principio de seguridade xurídica, o real decreto é coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, o que xera un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas. Así mesmo, os seus obxectivos encóntranse claramente definidos e non impoñen novas cargas administrativas, polo que cumpre así os principios de seguridade xurídica e eficiencia.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia xa que, con carácter previo á elaboración do proxecto e conforme o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se realizou o trámite de consulta pública co fin de solicitar a opinión dos cidadáns e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola norma, aos cales se lles facilitou información ao respecto a través do portal web do entón Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto someteuse ao trámite de audiencia e

información pública. Así mesmo, emitiu informe a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

En aplicación do artigo 26.5 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, como o proxecto pode afectar a distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, emitiu informe o entón Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Este real decreto dítase en virtude das facultades atribuídas ao Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social polo artigo 5.2 e pola disposición derradeira oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e de acordo coa competencia exclusiva que o artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española atribúe ao Estado sobre o réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2018,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto a regulación das actividades preventivas da acción protectora da Seguridade Social que deben realizar as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, previstas no artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2. As actividades preventivas das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social reguladas neste real decreto son, conforme o artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, prestacións asistenciais da Seguridade Social que non xeran dereitos subxectivos nos seus destinatarios.

##### Artigo 2. *Actuacións que deben desenvolver as mutuas na planificación das súas actividades preventivas.*

1. As actividades referidas no número seguinte orientaranse preferentemente a coadxuvar nas pequenas empresas, así como nas empresas e sectores con maiores indicadores de sinistralidade, á mellor integración nos plans e programas preventivos das distintas administracións competentes; ao desenvolvemento da I+D+i e á divulgación, educación e sensibilización en prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

2. As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social desenvolverán os programas de actividades preventivas da Seguridade Social no marco das actuacións que se relacionan a seguir:

a) Actividades de asesoramento ás empresas asociadas e aos traballadores autónomos adheridos:

1.º Programas de asesoramento técnico, prioritariamente, a pemes e empresas de sectores preferentes, que comprenderán a realización de visitas a empresas asociadas en que concorran as circunstancias que se establezan cada ano nas normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

2.º Programas de asesoramento a empresas ou actividades concorrentes. Nos centros de traballo en que concorran traballadores de dúas ou máis empresas, incluídos contratistas e subcontratistas, ou traballadores autónomos, algunha de cuxas empresas ou algún de cuxos traballadores se encontre asociada ou adherido á mutua, respectivamente, esta deberá informar e asesorar as empresas e os traballadores autónomos implicados sobre a aplicación dos medios de coordinación existentes para a prevención dos riscos laborais.

3.º Programa de difusión do servizo «Prevención10.es», ou servizo que o substitúa, mediante a realización de xornadas entre as empresas asociadas de ata 25 traballadores e autónomos adheridos, co obxecto de informarlles sobre as funcionalidades que ofrece o devandito servizo, que dispensa a acción protectora da Seguridade Social, e mostrarlles a súa utilización. As mutuas poderán solicitar, para o desenvolvemento desta actividade, a colaboración do Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo, O.A., M.P., na súa condición de órgano a que a Secretaría de Estado da Seguridade Social encarga a xestión directa do servizo. En caso de que este último careza de dispoñibilidade de medios nos diferentes lugares e datas, o programa desenvolverá directamente o persoal da mutua.

4.º Programa de asesoramento a pemes para a adaptación de postos de traballo e estruturas para a recolocación de traballadores accidentados ou con patoloxías de orixe profesional.

b) Actuacións para o control e, se é o caso, redución dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais da Seguridade Social:

1.º Programa para asesorar sobre o control das causas da incidencia de enfermidades profesionais e accidentes de traballo.

2.º Programa de control e redución da alta sinistralidade en empresas, durante un período de entre un e tres anos, para actuar sobre o número de accidentes e a súa gravidade nos casos e sobre o colectivo que se determine nas normas de aplicación en atención á sinistralidade.

c) Actividades de investigación, desenvolvemento e innovación para a redución das continxencias profesionais:

1.º Elaboración de estudos e análises sobre as causas da sinistralidade laboral e difusión das conclusións e recomendacións que se obteñan destes para evitar incorrer nas situacións que orixinan esa sinistralidade.

2.º Colaboración coa Administración da Seguridade Social no mantemento do sistema de información, notificación e rexistro de enfermidades profesionais, así como no desenvolvemento de programas de avaliación e posta ao día da listaxe daquelas enfermidades.

3.º Elaboración e difusión de códigos de boas prácticas para a xestión e mellora continua da prevención na empresa a través do desenvolvemento das actividades que se poidan establecer cada ano polas normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

3. Todas as actuacións que deban desenvolver as mutuas na planificación das súas actividades preventivas desenvolveranse e executaranse tendo en conta a perspectiva de xénero.

#### Artigo 3. *Destinatarios das actividades que deben desenvolver as mutuas.*

1. Serán beneficiarios das actividades para a prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais as empresas asociadas e os seus traballadores dependentes, así como os traballadores por conta propia adheridos que teñan cubertas as continxencias citadas, co alcance e nas condicións previstas neste real decreto e no artigo 82.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarios os traballadores dependentes das empresas que colaboren na xestión a que se refire o artigo 102.1.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. Os beneficiarios destas actividades preventivas non quedan, en ningún caso, eximidos do cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais.

#### Artigo 4. *Financiamento e execución das actividades preventivas das mutuas.*

1. Na execución do seu orzamento anual, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social poderán destinar, dentro das dispoñibilidades orzamentarias que lles autoricen,

entre o 0,3 e o 1 por cento dos seus ingresos polas cotas efectivamente cobradas relativas ás contingencias profesionais do último exercicio liquidado previo ao plan de actividades preventivas. A porcentaxe concreta aplicable no exercicio seguinte poñerase en coñecemento das mutuas antes de finalizar o mes de maio do exercicio en que presenten o anteproxecto de orzamento para o ano seguinte.

2. Corresponderá á Secretaría de Estado da Seguridade Social, logo de informe do Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo, O.A., M.P., e consulta das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, determinar anualmente as actividades que regula o artigo 2, o que inclúe a asignación das prioridades na súa execución, tendo en conta os ámbitos, empresas e/ou sectores en que sexa preciso actuar cada ano en materia de prevención, a tutela do desenvolvemento de tales actividades e a avaliación da súa eficacia e eficiencia, así como a determinación anual da porcentaxe dos seus ingresos polas cotas relativas ás contingencias profesionais que poderán dedicar á realización das actividades antes mencionadas.

A determinación das actividades preventivas a que se refire o parágrafo anterior establecerase antes do inicio do correspondente exercicio a que se refira, mediante resolución que será obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

No caso de que a determinación das actividades preventivas a que se refire o primeiro parágrafo non se establecese antes do inicio do correspondente exercicio a que se refira, entenderase automaticamente prorrogada a determinación do exercicio anterior.

3. O Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo, O.A., M.P. prestará a asistencia técnica e a colaboración necesaria na elaboración da determinación anual das actividades que regula o artigo 2.

#### Artigo 5. *Elaboración polas mutuas dos plans de actividades preventivas.*

1. As mutuas elaborarán os seus respectivos plans de actividades preventivas axustándose aos programas, actividades e prioridades que determine anualmente a Secretaría de Estado da Seguridade Social.

En ningún caso as actividades preventivas que deben realizar as mutuas poderán supoñer a substitución das empresas no cumprimento das obrigas establecidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2. Os plans de actividades preventivas que para desenvolver en cada ano deberán presentarse, para a súa aprobación, ante o órgano de dirección e tutela, no prazo que para tal efecto estableza a Secretaría de Estado da Seguridade Social.

Durante o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se desenvolvese o plan de actividades preventivas, as mutuas deberán facilitar ao órgano de dirección e tutela información detallada sobre a aplicación do plan.

3. Para dotar dunha maior transparencia as actuacións das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social en relación coas actividades preventivas reguladas neste real decreto, así como para garantir o dereito á información de todos os axentes involucrados na prevención de riscos laborais, as mutuas deberán publicar nas súas respectivas páxinas web tanto os seus plans de actividades preventivas para desenvolver en cada ano como a súa aplicación.

Os plans publicaranse unha vez que sexan aprobados polo órgano de dirección e tutela. A aplicación dos plans deberá publicarse ao tempo que a mutua facilite ao órgano de dirección e tutela a información detallada sobre tal aplicación, que incluírá especificamente a información sobre o grao de execución de cada unha das medidas incluídas no plan, así como o seu custo.

#### Artigo 6. *Coordinación coas comunidades autónomas.*

1. As actividades preventivas relacionadas no artigo 2.2 teñen a consideración de básicas, polo que serán obxecto de aplicación polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social en todo o territorio nacional.

2. Sen prexuízo do anterior, as comunidades autónomas que teñan competencia de execución compartida en materia de actividades de prevención de riscos laborais, e sen prexuízo do establecido nos seus respectivos estatutos de autonomía, poderán comunicar ao órgano de tutela das mutuas as actividades que consideren que se deban desenvolver nos seus respectivos ámbitos territoriais, en atención ás especificidades e/ou particularidades que concorran en tales ámbitos, para que se incorporen á planificación das actividades preventivas da Seguridade Social.

A comunicación a que se refire o parágrafo anterior entenderase realizada coa posta en coñecemento do órgano de dirección e tutela das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social da norma autonómica onde se determinen as actividades que as comunidades autónomas con competencia de execución compartida consideren que se deban desenvolver nos seus respectivos ámbitos territoriais.

A comunicación, se é o caso, deberá realizarse coa antelación suficiente, co fin de que o órgano de dirección e tutela das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social teña coñecemento desta para a súa incorporación á norma de execución das actividades preventivas da Seguridade Social. En calquera caso, a referida comunicación deberá, se é o caso, realizarse con anterioridade ao día quince de decembro de cada ano.

*Artigo 7. Extensión do Plan xeral ao Instituto Nacional da Seguridade Social e ao Instituto Social da Mariña.*

O Instituto Nacional da Seguridade Social e o Instituto Social da Mariña poderán solicitar que se dispensen os programas e actividades establecidos na norma que anualmente adopte a Secretaría de Estado da Seguridade Social, a favor das empresas e dos traballadores comprendidos nos seus respectivos ámbitos de xestión, para o cal solicitarán do órgano de dirección e tutela das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social a extensión do Plan xeral e formalizarán con aquelas convenios para estes fins, os cales requirirán a conformidade previa do órgano citado.

*Disposición derogatoria única. Derogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos 1.1.a), 2 e 3 da Orde TAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas no ámbito da seguridade social e o financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

*Disposición derradeira primeira. Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica en materia de seguridade social, ditada ao abeiro do previsto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española.

*Disposición derradeira segunda. Facultades de aplicación.*

Autorízase o secretario de Estado da Seguridade Social para ditar as disposicións que poidan ser necesarias para a aplicación deste real decreto.

*Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social  
MAGDALENA VALERIO CORDERO